

EPAPU Eduardo Pondal – Curso 2023-24

Guía Didáctica: Latín II - Bacharelato Semipresencial

Departamento de Grego e Latín. Prof.: M^a Agustina Castro Vilar

A presente guía pretende ser un instrumento para facilitar ao alumno o percorrido pola materia, de modo que poida seguila para acadar un resultado positivo. Pode que sexa preciso facer algunha modificación nela ao longo do curso.

É moi importante a asistencia a clase regularmente, xa que facilita avanzar e comprender mellor os contidos. Ademais, o alumno ten que traballar pola súa conta 2-3 horas semanais (ou aquelas que sexan imprescindibles) para aplicar e reforzar os coñecementos adquiridos.

O alumnado poderá resolver dúbidas nas titorías de orientación con carácter presencial, no horario establecido.

1. METODOLOXÍA

A materia de Latín II forma parte das materias propias da modalidade do Bacharelato de Humanidades. O estudo da lingua latina constitúe a base fundamental para a comprensión das nosas linguas románicas (galego e castelán), así como das outras linguas de orixe romance. O coñecemento do latín como lingua raíz do galego axúdanos a coñecer mellor o seu léxico, a súa sintaxe, a súa ortografía.

A materia de Latín II, como calquera outra do currículo do Bacharelato semipresencial, conta cunha sesión semanal de asistencia obrigatoria, que recibe o nome de **titoría lectiva**, xa que é aquela na que se abordan as explicacións teóricas da unidade que corresponda en cada momento do curso.

Estas sesións semanais complementáanse cunha **titoría de orientación (1)** de periodicidade semanal, para que nela o alumnado poida resolver as dúbidas que lle puidesen xurdir no seu labor individual de estudo e preparación da materia e realización das actividades.

2. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

- **Diccionario Latino- Español.** Diccionario bilingüe Vox ou SM. Imprescindible para a realización das tarefas do curso e para levar ao

exame.

- **Apuntes proporcionados polo profesor.**
- **Aula Virtual da EPAPU Eduardo Pondal.**
- **Web:** www.viamedia.es (no apartado “Latín”, subapartado “Ejercicios interactivos”): servirá de gran axuda para o reforzo práctico da gramática latina no estudo autónomo do alumnado.
- **Recursos bibliográficos.** O centro dispón de biblioteca, na que ademais da consulta e préstamos de libros, revistas, etc., dispónse de conexión a internet que o alumnado pode utilizar como apoio didáctico.

3. CONTIDOS.

O contido da materia de Latín II está **organizado nunha serie de bloques** que abranguen tanto **aspectos lingüísticos como culturais**, tendo en conta que ambos aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O segundo curso de bacharelato supón o coñecemento das leccións impartidas no primeiro curso e aprendizaxe de novas unidades da lingua e cultura latina.

O primeiro destes bloques céntrase en analizar o **papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego e do castelán** e das demais linguas romances que se falan na actualidade na Europa romanizada e noutros países do mundo. Os **bloques adicados a morfoloxía e a sintaxe** pretenden achegar ao alumno dúas realidades inseparables que conforman e integran xuntas o aspecto gramatical. Existe un **bloque adicado ao estudo da civilización latina**, con obxecto de identificar non só os fitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos propios da súa organización política e social e da súa identidade cultural. **Un bloque adicado aos propios textos** pretende facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeir momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Por último, dedícase un **bloque ao estudo do léxico**, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua.

4. TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS

Os contidos poden intercambiarse dunha avaliación á outra segundo o coñecemento dos mesmos por parte do alumnado.

1ª AVALIACIÓN: 10 periodos lectivos.

a) GRAMÁTICA:

a.1) Repaso de Latín I (o alumnado deberá facer este repaso **de xeito autónomo e en paralelo á marcha das clases** ao longo desta avaliación):

- as 5 declinacións
- adxectivos de 1ª e 2ª clase
- pronomes persoais e relativo
- as conxugacións verbais (enunciados)
- modo indicativo en voz activa
- verbo sum en modo indicativo
- graos do adxectivo; adxectivos irregulares

a.2) Materia nova:

- declinacións: formas menos usuais e irregulares
- pronomes/determinantes demostrativos, posesivos, indefinidos, interrogativos
- modo indicativo en voz pasiva

Estes contidos se darán de xeito teórico e tamén en forma práctica a través da análise morfosintáctica e a tradución de textos de Eutropio (prosa).

b) LITERATURA:

- A épica. Virxilio.
- A lírica. Horacio.

c) LÉXICO:

- Frases e expresións latinas (I).
- Toponimia (I).
- Derivación e composición (prefixos e sufixos de orixe latina) (I).

2ª AVALIACIÓN: 10 periodos lectivos.

Entra toda a materia de repaso e a materia nova de GRAMÁTICA da 1ª avaliación.

a) GRAMÁTICA:

Materia nova:

- modo subxuntivo (en voz activa e pasiva)
- morfoloxía do participio e do infinitivo
- sintaxe do participio e do infinitivo
- verbos irregulares e defectivos
- oracións subordinadas: valores de UT/ NE / CUM / QUOD

Estes contidos se darán de xeito teórico e tamén en forma práctica a través da análise morfosintáctica e a tradución de textos de Fedro (poesía).

b) LITERATURA:

- A fábula. Fedro.
- A historiografía. Tito Livio.

c) LÉXICO:

- Frases e expresións latinas (II).
- Toponimia (II).
- Derivación e composición (prefixos e sufixos de orixe latina) (II).

3ª AVALIACIÓN: 6/7 periodos lectivos.

Entra toda a materia de repaso e a materia nova de GRAMÁTICA da 1ª e da 2ª avaliacións.

a) GRAMÁTICA:

Materia nova:

- Outras formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino.
- Conxugación perifrástica.
- Repaso do imperativo.
- Repaso xeral das oracións compostas e subordinadas.

Estes contidos se darán de xeito teórico e tamén en forma práctica a través da análise morfosintáctica e a tradución de textos de Eutropio (prosa).

b) LITERATURA:

- A comedia. Plauto.
- A oratoria. Cicerón.

c) LÉXICO:

- Frases e expresións latinas (III).

- Toponimia (III).
- Derivación e composición (prefixos e sufixos de orixe latina) (III).

5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

- Ser capaz de identificar e analizar nos textos latinos orixinais os elementos da morfosintaxe e de comparalos cos das linguas coñecidas.
- Traducir á lingua galega e castelá textos latinos pertencentes a distintos xéneros literarios.
- Resumir, oralmente ou por escrito, textos latinos orixinais de distintos xéneros literarios.
- Recoñecer a orixe latina morfolóxica e semántica no léxico das linguas galega e castelá e deducir regras básicas de derivación e composición.
- Coñecer os xéneros e obras máis representativas dos seguintes temas da literatura latina: teatro, lírica, épica, oratoria e retórica e historiografía.
- Entender expresións latinas, saber interpretalas nas nosas linguas e ser capaces de poñer exemplos correctos.
- Coñecer a toponimia de orixe latina.
- Coñecer os prefixos e sufixos de orixe latina presentes nas linguas galega e castelá.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

EXAME: O alumnado realizará un mínimo de 1 exame escrito por avaliación. Este exame suporá o 100% da nota da avaliación. No exame, o/a alumno/a terá que realizar unha análise morfo-sintáctica (tipo de oracións e elementos que as compoñen) de oracións/ texto en prosa (Eutropio) ou verso (Fedro) e traducilo ao castelán ou galego correctamente. O/a alumno/a deberá tamén responder cuestións sobre os temas de literatura, sobre expresións latinas, toponimia e derivación/composición.

CUALIFICACIÓN DO EXAME: A nota do exame seguirá as pautas dos modelos

ABAU:

- Tradución dun texto latino: (4 puntos).
- Análise morfosintáctica dun fragmento de dito texto: (1 punto).
- Pregunta teórica sobre literatura (2,5 puntos).

- Pregunta sobre toponimia (1 punto)
- Pregunta sobre frases e expresións latinas: (1 punto).
- Pregunta sobre prefixos e sufixos latinos: (0,5 puntos).

(Na ABAU, as preguntas sobre toponimia, frases e expresións latinas, e prefixos e sufixos son opcionais, é dicir, hai que escoller só unha, cunha puntuación de 2,5 puntos. Pero durante o curso, e co fin de dar cumprimento ás liñas da programación e garantir unha preparación máis completa, o alumnado deberá obrigatoriamente examinarse destes tres contidos, coa puntuación antes sinalada para cada un).

Aínda así, esta puntuación pode variar na ABAU de 2024.

IMPORTANTE: para que se puntúe favorablemente a análise morfosintáctica e a tradución, teñen que coincidir e estar ben os dous. É dicir, non contará nada unha tradución se non coincide coa análise ou ao revés. A puntuación sobre as preguntas de literatura e helenismos-etimoloxía **SÓ SUMARÁN SEMPRE E CANDO** o alumnado teña, polo menos, unha puntuación igual ou superior **Á METADE DA PUNTUACIÓN DA ANÁLISE E TRADUCIÓN DO TEXTO**. Por exemplo: Se no exame a análise e tradución valera un 50% do total, para sumar os apartados de literatura e etimoloxía sería preciso ter un 25% pola análise e tradución do texto.

SOBRE A CUALIFICACIÓN: Non se redondeará á alza a nota con decimais. De ser o caso, os decimais acumulados teranse en conta para redondear á alza a nota final (avaliación ordinaria), sempre que os decimais sexan iguais ou superiores a 0,5 (por exemplo, non contará nada o 0,4 se temos un 5,4 nalgunha avaliación, pero sí contará o 0,5 se temos un 5,5 nalgunha avaliación). O redondeo será dun máximo de 1 punto sobre a cualificación obtida na avaliación ordinaria.

Está prohibido levar aos exames teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos en xeral (MP3 e similares). Aqueles alumnos que cometan actos ilícitos no desenvolvemento das probas obterán a cualificación de 0 puntos.

AVALIACIÓN CONTINUA: Ao ser avaliación continua, se un/unha alumno/a suspende unha avaliación, quedaralle recuperada de xeito automático se aproba a seguinte. A 3ª avaliación é a avaliación ordinaria, polo que o alumnado que a suspenda poderá superala na avaliación extraordinaria. A nota final do curso será a da avaliación ordinaria.

PROBA EXTRAORDINARIA: Esta proba extraordinaria consistirá nun exame escrito, coas mesmas características que na avaliación ordinaria. Poderán presentarse a esta avaliación extraordinaria os/as alumnos/as que non superen a avaliación

ordinaria, e aqueles que perderán o dereito á avaliación continua por ter superado o máximo de faltas de asistencia sen xustificación.

INCIDENCIAS: O alumnado que, por algunha razón xustificada, non puidera presentarse a algún exame poderán realizalo dentro dos prazos establecidos. Será obrigatorio presentar xustificación documental á titora do grupo e comunicalo dentro dos prazos establecidos.

7. MÍNIMOS ESIXIBLES.

- Os contidos de Gramática do curso anterior (traballados de xeito autónomo polo alumnado durante a 1ª avaliación, e aplicados ao longo de todo o curso).
- Verbos irregulares: volo, nolo, malo, fero, eo e fio.
- Formas nominais do verbo (infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino).
- Valores e tradución. Propositions subordinadas de relativo e substantivas.
- O participio concertado e absoluto. As conxuncións máis relevantes e o seu emprego: ut, ne, cum, quod.
- Oracións de infinitivo.
- Xéneros literarios: teatro especialmente “A comedia” e autor representativo (Plauto), poesía lírica e autor (Horacio) poesía épica e autor (Virxilio), historiografía e autor (Tito Livio), oratoria e autor (Cicerón).
- Locucións latinas de uso actual.
- Toponimia.
- Prefixos e sufixos de orixe latina.

A Coruña, 14 de setembro de 2023